

A VILA DO MAÑÁ CARBALLO

Sandra González Álvarez





A VILA DO MAÑÁ,  
CARBALLO  
Sandra González Álvarez



**Autor:** GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Sandra.  
**Introdución:** SEOANE COLLAZO, Juan M.  
**Prólogo:** GOLUBOFF SCHEPS, Myriam.

**Equipo de traballo:** PØST arquitectos.  
A Coruña, 2021.

A VILA DO MAÑÁ, CARBALLO

ISBN: 978-84-09-33442-1  
Depósito Legal: C 1484-2021  
IBIC: AMVD-1DSE-AFKN-YQA-YQNP  
ISSN: 2530-9226 (A Vila do Mañá/La Ciudad del Mañana)


Nº de páxinas: 145  
21x21cm  
Índice: pp. 4-5

**Edición:** PØST arquitectos.  
**Deseño:** Sandra González Álvarez (PØST arquitectos).  
**Maquetación:** PØST arquitectos.  
**Deseño de cuberta:** Daniel Carvajal Alonso e Sandra González Álvarez.  
**Fotografías:** PØST arquitectos.  
**Ilustracións:** Blanca Díaz Piñeiro.  
**Debuxos de cuberta:** Álvaro Marcos Rodríguez.  
**Distribución:** PØST arquitectos, Juan Flórez 129, 8D, 15005 A Coruña (A Coruña).

© PØST arquitectos, 2021  
Juan Flórez 129, 8D  
15005 A Coruña  
© Sandra González Álvarez  
[www.aviladomaña.com](http://www.aviladomaña.com)

**A EDICIÓN DESTA PUBLICACIÓN FOI PATROCINADA POLO CONCELLO DE CARBALLO**

*Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do Copyright.*







## ÍNDICE

O CARBALLO DO MAÑÁ Juan M. Seoane Collazo	7
A NECESIDADE DE BUSCAR ESPAZOS DE RELACIÓN Myriam Goluboff Scheps	9
1   DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”	12
2   COÑECENDO CARBALLO	17
3   OBSERVANDO O TERRITORIO DESDE A ÓPTICA DA INFANCIA	54
4   OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”	60
5   METODOLOXÍA DE “A VILA DO MAÑÁ”	69
6   CARBALLO, A VILA DO MAÑÁ	129



## O CARBALLO DO MAÑÁ

No verán do 2018 celebramos unha primeira edición do obradoiro “A vila do mañá”, que supuxo unha interesante experiencia para extraer conclusións sobre como percibe a nosa vila a rapazada. Foi unha edición “presencial” dun proxecto que quixemos retomar nos difíciles tempos da COVID-19 de xeito “virtual”, pois se algo trouxo esta pandemia foi un novo xeito de vivir e percibir o espazo público.

A nova realidade fíxonos ser conscientes da importancia do cambio necesario no reparto modal na mobilidade e na necesidade de ampliar espazos para a convivencia. No contexto actual, vilas do tamaño de Carballo, que ofrecen a combinación perfecta entre as vantaxes do campo e da cidade, están no punto de mira dunha sociedade en pleno proceso de re-configuración do modelo urbano ideal.

Correspóndenos a nós, como representantes públicos, desenvolver o enorme potencial que ten o noso concello, pero en Carballo temos a firme convicción de que os procesos de desenvolvemento social, tamén o urbanístico, deben ser froito da participación veciñal. E, por iso, na continua reflexión sobre o Carballo do futuro quixemos contar coa opinión e a participación da infancia. Quen mellor que os nenos e as nenas de hoxe para darnos as claves sobre a vila de mañá, ese espazo común que deberán habitar e adaptar aos tempos que lles toque vivir.

Co convencemento de que unha cidade que sexa boa para a infancia será boa para toda a sociedade, no ano 2020 apostamos novamente pola interesante proposta da arquitecta Sandra González Álvarez e o seu equipo para deseñar coa rapazada o Carballo do futuro. Así, en



ocasións de xeito grupal, noutras en familia, máis de trinta nenos e nenas encheron novamente as nosas rúas de cor, mediron o espazo público, fixeron fotografías dos lugares que son importantes para eles, fixeron seu o espazo público. Colaboraron, en definitiva, na creación do Carballo do mañá.

Carballo quere ser un punto de encontro positivo, unha vila para todas e todos, inclusiva, accesible e segura para a infancia e para as persoas maiores. En definitiva, o espazo no que queremos vivir.

Juan M. Seoane Collazo  
Concelleiro de Mobilidade do Concello de Carballo

## A NECESIDADE DE BUSCAR ESPAZOS DE RELACIÓN

Para que os habitantes dunha cidade ou dun barrio formen unha unidade non só física senón social, é importante que haxa espazos nos que os veciños poidan socializar, que non sexa só nas mesas dos bares. Sería desexable atopar xente sentada na herba, nun banco, nunha beirarrúa, mozos tocando a guitarra e nenos correndo con liberdade.

Hoxe é difícil atopar eses espazos e os equipamentos adecuados ou lugares seguros para que xoguen os nenos dunha rúa. Non hai plantas, nin auga, nin paxaros. A natureza é algo afastado, e onde hai natureza, aínda que sexa en pequena escala, hai un uso e goce do espazo urbano.

Viáxase de casa ao traballo, á Universidade, aos colexios ou aos hipermercados. Desapareceu o concepto de barrio, e desapareceron os equipamentos que achegaba. O barrio era unha unidade social e de servizos a escala de villa.

O coche permitiu e xerou unha nova forma de vida, fíxose indispensable e foise consolidando na cidade de hoxe. Esa cidade masificada e contaminada, xerou o crecemento desmedido do turismo e unha industria que deriva da necesidade de fuxir desa realidade.

Pero o problema que deriva desa nova forma de agrupamentos humanos, aparece non só a nivel urbanístico. Tampouco hai lugares nas vivendas para desenvolver unha vida de comunidade en familia. Os espazos agudizan o individual. Non hai zonas de traballo en común, zonas flexibles para organizar o descanso.


Por todo iso é necesario tomar conciencia da necesidade de humanizar as vivendas, os colexios, as cidades, as rúas, para que volvan potenciar os lazos humanos.

“A Vila do Mañá” busca xerar, nos nenos, a conciencia dunha vida diferente. Unha nova apropiación da cidade para que sexa vivida e gozada polos seus habitantes.

A experiencia vense desenvolvendo desde hai anos en diversas vilas e cidades de Galicia, agora en Carballo. A escala de Carballo, de algo menos de trinta e un mil habitantes, cun paseo fluvial, con bosques e zonas verdes é un escenario que propicia esa transformación, que estas actividades dos nenos promoven e activan.

O mal que afecta hoxe a case todos os Concellos Galegos, o divorcio entre o espazo urbano e os seus habitantes, que están encerrados nas súas vivendas, e saen co coche camiño de colexios e oficinas, ou están sentados nos bares, xera problemas importantes no desenvolvemento da personalidade dos nenos e os adolescentes, que non toman conciencia de que son seres sociais, parte dunha comunidade.

Os talleres que desenvolve Sandra coa “A Vila do Mañá”, crean neles a conciencia dos problemas do lugar e achégalles o que na vida cotiá non poden desenvolver, a apreensión do espazo, a actividade en común, ou apropiarse da súa cidade e a posibilidade de gozala.







## 1 DESCUBRINDO “A VILA DO MAÑÁ”

(Carballo, 2021)

Nun tempo tivemos medo do monte. Era o monte do lobo, do ogro, da escuridade. Era o lugar onde nos podíamos perder. Cando os avós contábannos contos, o monte era o lugar preferido para ocultarse os inimigos, as trampas, as angustias. [...] Nun tempo, sentímonos seguros entre as casas, na cidade, co vecindario. Este era o sitio onde buscábamos aos compañeiros, onde os atopábamos para xogar xuntos. Alí estaba o noso sitio, o sitio onde nos escondíamos, onde organizábamos a pandilla, onde xogabamos ás nais e pais, onde escondíamos o tesouro... [...] Pero en poucas décadas, todo cambiou. Houbo unha transformación tremenda, rápida, total, como nunca a viu a nosa sociedade (polo menos segundo consta na historia documentada). [...] O monte pasou a ser belo, luminoso, obxecto de soños e de desexos. A cidade, en cambio, converteuse en algo sucio, gris, monstruoso. [...] Nos últimos decenios, e dun xeito totalmente evidente nos últimos cincuenta anos, a cidade, nacida como lugar de encontro e de intercambio, descubriu o valor comercial do espazo e alterou todos os conceptos de equilibrio, benestar e comunidade para seguir soamente programas de beneficios, de intereses. Vendeuse, prostituíuse. [...] A cidade é agora como o monte dos nosos contos.<sup>1</sup>

<sup>01</sup> Tonucci, Francesco. *La ciudad de los niños*. 1997. Madrid: Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Como podemos recuperar a identidade das nosas vilas?...como a vila podería ser de novo ese lugar de encontro e de intercambio?... como volver sentirnos seguros entre as casas, na vila, na veciñanza?... como volver facer que a nosa vila sexa o noso sitio, o noso lugar?... que debemos facer para que a vila deixe de ser algo sucio, gris, monstruoso?... estas son as cuestións que nos levan a crear o Proxecto: “A Vila do Mañá”.

“A Vila do Mañá” é un proxecto educativo e de divulgación, cuxo obxectivo é que desde a infancia e a través do xogo se tome conciencia de todas as escalas do común: a arquitectura, o patrimonio tanxible e intanxible, o urbanismo e a paisaxe. Á vez que desde a disciplina arquitectónica se tome conciencia dunha nova visión das vilas, que é a que nos achegan os que serán os habitantes do mañá.

O reto principal é que a infancia e a adolescencia estean presentes de forma activa nos procesos de construción do espazo común (praza, barrio, cidade...), dotándoos das ferramentas necesarias para desenvolver a súa creatividade, desde a Arte e a Arquitectura. O fin é provocar neles o espertar dunha nova mirada sobre os espazos nos que desenvolven a súa vida.

Como síntese das nosas ideas podemos afirmar que: entendemos a vila como taboleiro de xogo, como lugar de encontro e como laboratorio de aprendizaxe para as nenas e nenos que, a través das ferramentas propias da infancia como son o seu propio movemento e o xogo, teñen que descubrir, vivir, coñecer e valorar o seu hábitat para poder actuar nel; defendemos o dereito das nenas e nenos ás cidades, como parte dunha **ciudadanía activa**<sup>2</sup>, polo que intentamos fomentar a **participación protagónica**<sup>3</sup>; a cal será a que herde e desenvolva a vila futura; remarcamos a importancia do hábitat no que as nenas e nenos viven na súa relación identitaria con el; e por último consideramos a Arte e a Arquitectura como ferramentas educativas que nos permiten levar a cabo este proxecto. Podemos considerar “A Vila do Mañá” como unha experiencia innovadora de Aprendizaxe e Servizo, desenvolvendo un novo aspecto da profesión de arquitectura, que tanto a crise financeira como a actual crise sanitaria puxo en cuestión.

02 Artigo 11. Ciudadanía activa. 1. Os poderes públicos deben promover o dereito dos nenos e os adolescentes para participar activamente na construción dunha sociedade máis xusta, solidaria e democrática. 2. Os poderes públicos deben fomentar a solidariedade e a sensibilidade social para que se incremente a participación social dos nenos e os adolescentes e xérense espazos sociais novos que dinamicen a participación responsable deste sector da poboación e favorezan a convivencia e a integración social no ámbito veciñal e local. (Ley 14/2010, de 27 de mayo, de los derechos y las oportunidades en la infancia y la adolescencia. Publicado: BOE núm. 156, de 28/06/2010 )

03 Ao artigo 12 da Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), que é a base da primeira definición do dereito dos nenos, nenas e adolescentes a participar, vemos dous elementos clave: Que sexan escoitados e que a súa opinión sexa tomada en conta, podemos engadir o enfoque de dereitos da infancia, en concreto dereito á participación “Artigo 34. Dereito de participación 1. As persoas, nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a participar plenamente nos seus núcleos de convivencia máis inmediatos e na vida social, cultural, artística e recreativa da súa contorna. Os poderes públicos deben ofrecer as oportunidades necesarias ás persoas nenos, nenas e adolescentes para a súa incorporación progresiva á cidadanía activa, de acordo co seu grao de desenvolvemento persoal”. 2. As administracións públicas deben establecer procedementos destinados a recoller as súas opinións en relación coas políticas, normas, proxectos, programas ou decisións que lles afecten”.

04 Borja, Jordi. *La ciudad conquistada*. 2003. Madrid: Alianza Editorial.

“A Vila do Mañá” está a desenvolverse mediante diferentes talleres en distintas vilas e cidades de Galicia, ata o momento realizouse en Rianxo, Bertamiráns, Milladoiro, Verín, A Pobra do Caramiñal, Mondoñedo, Ribeira, Carballo, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Arteixo, Ferrrol, Malpica, Arzúa, Silleda, Barbadás e Touro; o proxecto “A Vila do Mañá” púxose a proba, cambiando totalmente de escala na cidade de São Paulo (Brasil). É realizado polo equipo de PØST arquitectos, financiado polos diferentes Concellos, e durante o ano 2019 contou coa subvención da Deputación de A Coruña: (FO300/2019 convocatoria do programa de subvencións destinado a entidades lucrativas para a produción de proxectos singulares de especial interese cultural na Provincia da Coruña), recibe o apoio da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), da Facultade de Arquitectura e Urbanismo da Universidade Presbiteriana Mackenzie (FAU-Mackenzie), da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego (APATRIGAL) e da Fundación Roberto Rivas.

Presentamos este libro, nun momento complexo, cunha nova normalidade, no que vamos a atoparnos cunha realidade ben distinta á que estabamos afeitos, analizaremos o caso práctico dos resultados dos talleres de “A Vila do Mañá” realizados en Carballo do 16 ao 20 de Xullo de 2018, e do 21 de decembro do 2020 ao 8 de Xaneiro do 2021.

A cidade é -e é un tópico pero non por iso banal ou falso- a realización humana máis complexa, a produción cultural máis significativa que recibimos da historia. [...]. A cidade nace do pensamento, da capacidade de imaxinar un hábitat, non só unha construción para acubillarse, non só un templo ou unha fortaleza como manifestación do poder. Facer a cidade é ordenar un espazo de relación, é construír lugares significantes da vida común. A cidade é pensar o futuro e logo actuar para realizalo. As cidades son as ideas sobre as cidades.<sup>4</sup>

Jordi Borja






## 2 COÑECENDO CARBALLO

“A Vila do Mañá” parte de tomar a vila de Carballo como un taboleiro de xogo, transformando o lugar que habito en algo novo, en algo a descubrir se se mira e percorre con outros ollos.



Nesta edición de “A Vila do Mañá” incorporamos a creación dun taboleiro de xogo cos elementos característicos de Carballo. É un “xogo da oca” (Fig. 01) orixinal e inédito, conformado por aqueles elementos arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, artísticos e culturais que configuran a identidade de Carballo.




Fig. 01 Taboleiro “A Vila do Mañá, Carballo”.  
Elaboración propia.





Dalle cor a túa vila...






































































19

20








22




23




24





25


















Dalle cor a túa vila...



## LENDA

1. Título: Galician Wildlife  
Autor: Antonio Segura Donat (Duck)  
Rexenera Fest 2015 (1ª Edición)
2. Título: Resiliencia  
Autor: Sabek  
Rexenera Fest 2020 (6ª Edición)
3. Título: Espello  
Autor: Graciela Gonçalves da Silva (Animalitoland)  
Rexenera Fest 2017 (3ª Edición)
4. Título: Ofelia  
Autor: Diana Rodeiro (Nana)  
Derrubando muros con pintura 2015
5. Título: Tribu humana  
Autor: Jorit  
Rexenera Fest 2017 (3ª Edición)
6. Título: O meu escudo protector  
Autor: Ana Langeheldt  
Rexenera Fest 2021 (7ª Edición)
7. Título: Fina de Carballo: A muller nitromón  
Autor: Joseba Muruzábal Pérez (Yoseba MP)  
Rexenera Fest 2017 (3ª Edición)
8. Título: Vergoña  
Autor: Miguel Díaz (Sekone)  
Rexenera Fest 2017 (3ª Edición)
9. Título: Luar  
Autor: Harsa  
Rexenera Fest 2021 (7ª Edición)

10. Título: Tierra y Mar

Autor: Xoana Almar

Rexenera Fest 2020 (6º Edición)

11. Título: Sen título

Autor: Møu

Rexenera Fest 2021 (7º Edición)

12. Título: Din que chove

Autor: María López y Javier de Riba (Reskate)

Rexenera Fest 2020 (6º Edición)

13. Título: Homenaje a Buño

Autor: Marta Lapeña

Rexenera Fest 2021 (7º Edición)

14. Título: Sen título

Autor: Andreas Van Chrzarowski (Case Maclaim)

Rexenera Fest 2016 (2º Edición)

15. Título: Saltimbanquis

Autor: Emi de las Heras

Derrubando muros con pintura 2014

16. Título: O Lapis do Graffiteiro

Autor: Sokram

Derrubando muros con pintura 2014

17. Biblioteca Rego da Balsa: construída no 2013, é un deseño do arquitecto Óscar Pedrós Fernández, finalista de los Premios de Arquitectura de Galicia (2016).

18. Igrexa de San Xens: situada na parroquia de Entrecruces que data as súas orixes no século XVII. Trátase dunha arquitectura barroca con tres retablos no seu interior, cuxo retablo maior está decorado con columnas solomónicas. En 1899, a súa torre foi reconstruída debido a caída dun raio nela.

19. Igrexa de Santa María de Bértoa: Foi contruída no século XIX nun lugar escollido por ser céntrico e accesible. A igrexa é de liñas sinxelas, con planta de cruz latina e bóveda de cañón. No seu interior pódese encontrar unha figura dun cristo gótico.

20. Igrexa de Santa María de Rus: É a de maior valor arquitectónico do municipio e un dos exemplos máis importantes do barroco en Bergantiños. A súa construción durou case dous séculos. Comezaron no s.XVII e non a rematarían ata o s.XIX, de ahí que neste templo se misturen o estilo barroco, que é o predominante, o rococó e tamén o neoclásico, presente nas liñas rectas e clásicas da súa fachada e en tres dos seus retablos.

21. Igrexa de Santa María de Ardaña: Foi construída a mediados do século XX, dunha soa peza de formigón pintada de branco, e resalta sobre o resto do templo, con muros de pedra. Esta igrexa foi reedificada en 1952 e conserva trazos barrocos, como a hornacina con arco en forma de cuncha de vieira que garda, na súa fachada, a imaxe da virxe en posición orante. Destaca tamén no seu interior o xogo de cruces entre bóvedas de medio punto e de crucería.

22. Igrexa de San Breixo de Oza: A igrexa destaca polo seu altar maior, que é o mellor retablo barroco dos arredores e foi adquirido a comezos do século XVII. É obra do escultor Francisco Rodríguez Gómez.

23. Igrexa de Santiago de Sísamo: é dos templos carballeses de orixe máis remota. Resulta interesante pola mestura dos estilos románico, neoclásico e barroco, do mesmo xeito que as semicolumnas que presiden a entrada á capela maior, adornadas con capiteis de decoración vexetal. O barroco está presente no seu altar maior, así como nos dous altares con columnas salomónicas do último tramo da nave. As liñas equilibradas e sinxelas do estilo neoclásico dominan a fachada.

24. Igrexa de San Lourenzo de Berdillo: terminou de construírse en 1931. Aínda que é unha das máis recentes do municipio, conserva, con todo, interesantes elementos de épocas anteriores, como o seu retablo maior, neoclásico, e os dous laterais, barrocos. Hai que prestar atención á súa historia, porque é un bo espello do que acaeceu coa arte eclesial no século XIX no concello.

24. Igrexa Santa María de Noicela: ten a súa orixe no século XVI. Na súa fachada poden verse aínda dous antigos escudos labrados en pedra. A fábrica da igrexa é románica. Chama a atención, deste templo, o seu campanario, situado no lateral esquerdo, non no centro, como é o habitual. Aínda que é do século XVI, as posteriores reformas que sufriu fixeron dela unha igrexa fundamentalmente barroca. Pecha o atrio un muro, coroado por unha serie



de cruces que son parte dun viacrucis. A casa da reitoral, hoxe en día deshabitada, é do século XIX.


26. Igrexa de San Salvador de Sofán: é unha ampla igrexa de estilo barroco e fachada neoclásica. Este templo parroquial foi construído en 1722 e reformado un século despois. Destacan, no seu interior, tres retablos barrocos (o maior, o da Virxe do Rosario e o das Ánimas) e dous neoclásicos (o Ecce Homo e o da Virxe das Dores). No atrio da igrexa atópase un dos cruceiros máis antigos do concello, datado no ano 1660.

27. Igrexa San Cristovo de Lema: ten as súas orixes no século XII e é a que conserva máis restos románicos no seu interior, concentrados na zona da ábsida, onde se garda o retablo maior. O arco triunfal que a enmarca está levantado sobre dúas columnas adornadas con capiteis de decoración vexetal. Tamén é románico o muro da cabeceira cos seus canzorros figurados. Excepto os vestixios románicos, o templo é fundamentalmente barroco. Conta con dous retablos barrocos.

28. Museo de Bergantiños: ocupa o antigo cárcere e Xulgado de Primeira Instancia de Carballo, construídos no século XIX. O edificio foi rehabilitado polo prestixioso arquitecto Manuel Gallego Jorreto. Inaugurado en xaneiro de 2002 constitúe un museo etnográfico dividido en oito salgas temáticas dedicadas a temas como a historia de Carballo, os recursos xeográficos, a economía ou o patrimonio natural do municipio.

29. Edificio onde se asenta o Concello de Carballo na actualidade: construído no ano 1975, obra do arquitecto José Manuel Rey Pichel.

30. A pedra do Sal: Ao norte de Baldaio encóntrase a praia da Pedra do Sal, de fácil acceso e tamén incluída en Rede Natura. Rocas graníticas golpeadas unha e outra vez polas ondas do mar compoñen a paisaxe característica deste areal. O lugar é idóneo para a observación xeolóxica. As fracturas que rompen as rocas dan conta da formación de pequenas fallas, rupturas no terreo provocadas por movementos da cortiza terrestre.





### 3 OBSERVANDO O TERRITORIO DESDE A ÓPTICA DA INFANCIA

Como punto de partida necesitamos saber como é o noso territorio visto con outros ollos, cos ollos dos que serán os seus herdeiros. Necesitamos saber como perciben o seu hábitat, e cales son os seus elementos fundamentais da contorna na que viven. (Fig. 02,03)



Fig. 02 Como é a túa vila?, que elementos destacarías?. Taller "A Vila do Mañá", Carballo, Xullo 2018.




Fig. 03 Como é a túa vila?, que elementos destacarías?. Debuxos realizados no taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xullo 2018.

Para coñecer como perciben e cales son os elementos fundamentais da súa vila, a estratexia utilizada nos talleres de “A Vila do Mañá” é saír á deriva cun gran marco dourado para que no noso deambular vaian enmarcando aqueles elementos urbanos que son importantes para elas e eles.

Entre os procedementos situacionistas, a deriva preséntase como unha técnica de paso ininterrompidos a través de ambientes diversos. O concepto de deriva está ligado indisolublemente ao recoñecemento de efectos de natureza psicogeográfica e á afirmación dun comportamento lúdico-construtivo que a opón en todos os aspectos ás nocións clásicas de viaxe e de paseo. [...]. Pero a deriva, no seu carácter unitario, comprende ese deixarse levar e a súa contradición necesaria: o dominio das variables psicogeográficas mediante o coñecemento e o cálculo de posibilidades. [...]. O azar xoga na deriva un papel tanto máis importante canto menos asentada estea aínda a observación psicogeográfica.<sup>5</sup>

Guy Debord

<sup>05</sup> Debord, Guy. “Teoría de la deriva” (1959) en: *Internacional situacionista, vol. I: La realización del arte*, (Madrid: Literatura Gris, 1999), 50-53.



06 *Art is...* (Lorraine O'Grady). Performance, 1983.

A experiencia baséase na obra de Lorraine O'Grady<sup>6</sup>, artista e activista polos dereitos da sociedade afroamericana, na súa performance rompe a liña entre o dentro e o fóra, facendo que o que está fóra coexista co enmarcado.

Que elementos son os protagonistas habituais desta experiencia?. Ata o momento temos levado algunha sorpresa agradable, cando as nenas e nenos fan protagonistas á xente da súa contorna (moitas veces olvidada no urbanismo actual) e outras asustámonos cando nos contan que os seus lugares preferidos son o Burger King, McDonalds, ..., ou o Mercadona.



Fig. 04 Qué enmarcarías da túa vila?, taller "A Vila do Mañá", Carballo, Xullo 2018.

Podémosnos remontar o ano 1978 cando Colin Ward escribía unha das obras de referencia neste tema, *The Child in the City*, onde analiza a relación da infancia coa cidade.

Os mestres do centro da cidade, incluso os máis experimentados, están tan afeitos á mobilidade, a liberdade de acceso ao transporte e a competencia social para moverse, que continuamente sorpréndense de que moitos nenos aos que ensinan vivan confinados nunhas poucas rúas ou mazás.[...] Nunha enquisa realizada para a Community Relations Commission atopouse que pouco menos da metade dos nenos menores de cinco anos no distrito de Handsworth en Birmingham, nunca saíu a xogar. “Non teñen acceso aos espazos de xogo, e os seus pais temían pola súa seguridade se os deixaban saír”. [...] Os profesores dunha escola de Bristol contábanme o impacto co que se decataron de que algúns dos seus alumnos adolescentes nunca estiveran no centro da cidade, [...] os profesores do barrio londiniense de Brent faláronme de nenos de trece e catorce anos que nunca viran o Támesis.<sup>7</sup>

<sup>07</sup> Ward, Colin. *The Child in the City*. 1978. New York: Pantheon Books.

Colin Ward

Aínda que pasaron máis de corenta anos, o narrado por Ward é totalmente actual, nunha experiencia de “A Vila do Mañá” no Colexio Liceo La Paz da Coruña, traballando cas nenas e nenos de infantil e tentando poñer a proba cal era o seu coñecemento da contorna na que habitan, creamos unha serie de paneis con imaxes recoñecibles da cidade da Coruña, a maioría das iconas da cidade éranlles totalmente descoñecidas, pero a nosa sorpresa foi máxima, cando ante a imaxe dunha coñecida cadea de comida rápida, todos con gran xúbilo recoñécérona: McDonald’s!!!, e o que nos deixou atónitos, foi a resposta ao ver a imaxe do Obelisco: Big Ben de Londres... A diferenza co que nos contaba Ward, é a evolución nas tecnoloxías, a día de hoxe todo está a un “click” de distancia, e é máis fácil coñecer a través da pantalla os territorios afastados, que vivir os nosos propios.

Noutra experiencia de “A Vila do Mañá” no colexio San Francisco de Vilagarcía de Arousa co alumnado de 1º da ESO, plantexamos que a través dun teatro de sombras nos contasen as súas vivencias na súa vila. As nenas e nenos convértense en guionistas e creadores das figuriñas do teatro. Como viven a súa cidade?, cales son os elementos de maior importancia para eles?. A continuación, expóñense fragmentos dos seus guións:

“Hai unha fonte moi bonita en fronte de Zara[...] Despois de comer imos no coche ao Mercadona”.

“Saímos de casa en coche e aparcamos en Fexdega, que é un espazo moi grande[...] Pasamos diante do Día que é un bo supermercado, logo pola igrexa e finalmente chegamos ao colexio[...].”

“[...] Logo dou un paseo, vexo o Eroski, que é enorme, pero o parking non é moi grande [...] Ao saír do cinema empezou a chover [...] e foi unha viaxe longa ata casa”.

08 Guións para o teatro de sombras, realizados por os alumnos do Colexio San Francisco “A Vila do Mañá”, Vilagarcía de Arousa, novembro 2018.

“Pola semana imos ao cole [...] Normalmente pasamos tempo na praza de Galicia debido a que hai moitos establecementos como ópticas, cafeterías, pizzerías, tendas... Parécenos que é moi chula e que é un bo sitio para pasar a tarde”.<sup>8</sup>

O texto dos guións, narrándonos a súa cidade, reafirman o concepto xa exposto de cidade según Tonucci: “As nosas cidades, vendéronse, prostituíronse”.<sup>1</sup>

Desde que naceu “A Vila do Mañá” no ano 2016, traballou cun total de 5.800 participantes con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos distribuídos en distintas vilas/cidades galegas (Rianxo, Bertamiráns, Milladoiro, Verín, Mondoñedo, A Pobra do Caramiñal, Riveira, Bueu, Vilagarcía de Arousa, Cambados, Carballo, Ferrol, Arteixo, Malpica, Buño, Santiago de Compostela, Arzúa, Silleda, Barbadás e Touro). O proxecto ponse a proba en marzo de 2019 dando o salto de Galicia á gran metrópole Paulistana, cun cambio radical de escala e de realidade social.



A día de hoxe e observando as respostas dos participantes nos distintos talleres, podemos afirmar que a conexión natural entre as nenas e nenos e o seu hábitat, o lugar onde crecen e desenvólvense, a vila na que viven, está diluída, é apenas existe. A cidade é un medio hostil para eles, perderon a súa liberdade, a cal se limita a certos recintos considerados seguros e controlados por adultos. Estamos a transmitir a mensaxe de medo que se sente actualmente na sociedade e, como consecuencia, o lugar onde viven non é seguro para eles.

As novas xeracións, os habitantes do mañá, descoñecen na súa totalidade a súa vila ou cidade, viven nunha “caixiña”, desprázanse noutra “caixiña” máis pequena e chegan a unha “caixa” maior (chámese colexio, centro comercial, polideportivo, ... ou parque infantil). Esta é a súa relación coa súa contorna.<sup>9</sup>

Sandra González Álvarez

<sup>09</sup> Domènech, Mar. (23 de Novembro de 2018). ENTREVISTA | Sandra González, arquitecta “El futuro de una ciudad son los niños: si es buena para ellos, es buena para todos”. *elDiario.es*. Recuperado de [https://www.eldiario.es/nidos/futuro-ciudad-ninos-buena\\_128\\_1828483.html](https://www.eldiario.es/nidos/futuro-ciudad-ninos-buena_128_1828483.html)

## 4 OBXECTIVOS DE “A VILA DO MAÑÁ”

<sup>10</sup> Chinchilla, Izaskun. *La ciudad de los cuidados*. 2020. Madrid: Los libros de la Catarata.

Fronte á actual concepción das nosas vilas; que segundo Izaskun Chinchilla: quenes as deseñaron, administraron e gobernaron fixérono sen completar esas outras dimensións facendo cidades unidimensionais baseadas na produción, que as definicións da RAE ignoran, e sobre a súa comprensión da realidade primou o principio de actuación. Estas cidades conciben, o espazo público como o espazo que nos permite chegar a traballar desde a nosa casa, sen indagar se para uns a rúa é sinónimo de relación e encontro e para outros conleva exposición e risco<sup>10</sup>; “A Vila do Mañá” comeza por entender a cidade como unha ferramenta educativa, non neutral, á que nos achegamos desde o xogo.



Fig. 05 Invasión de cor na Praza do Concello, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xullo 2018. Fotografía de: Laura Rodríguez para ©La Voz de Galicia 22/07/2018.

Un concepto fundamental que articula e relaciona a idea de vila é o do espazo público:

Negamos a consideración do espazo público como un chan cun uso especializado, non se sabe se verde ou gris, se é para circular ou para estar, para vender ou para comprar, cualificado unicamente por ser de “dominio público” aínda que sexa á vez un espazo residual ou baleiro. É a cidade no seu conxunto a que merece a consideración de espazo público. [...] . O espazo público concibido tamén como instrumento de redistribución social, de cohesión comunitaria, de autoestima colectiva. E asumir tamén que o espazo público é espazo político, de formación e expresión de vontades colectivas, o espazo da representación pero tamén do conflito. Mentres haxa espazo público, hai esperanza de revolución, ou de progreso.<sup>11</sup>

<sup>11</sup> Borja, Jordi. *La ciudad conquistada*. 2003. Madrid: Alianza Editorial.

Jordi Borja



Fig. 06 Invasión de cor na Praza do Concello, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xullo 2018. Fotografía de: Laura Rodríguez para ©La Voz de Galicia 22/07/2018.

Recuperando algunhas das ideas propostas polo arquitecto holandés Aldo van Eyck (1918-1999), nas que se outorgaba á nena e ao neno a oportunidade de descubrir a cidade desde o seu propio movemento, que ten que ser desenvolvido a través dos seus xogos porque é a súa maneira natural de coñecer o mundo. Somos conscientes de que, actualmente, isto xera un conflito nas rúas e prazas, o cal desexamos provocar, evidenciar e poñer de manifesto desde os talleres de “A Vila do Mañá”, aínda que sexa de maneira temporal. Que sucede cando os espazos públicos son ocupados por nenas e nenos xogando? Que sensación teñen as nenas e nenos? Como reaccionan os adultos?... Desde ese conflito, queremos transformar a imaxe da vila que teñen as nenas e nenos e adolescentes e, ao mesmo tempo, facelos visibles neses espazos a ollos dos adultos (Fig. 06).

<sup>12</sup> van Eyck, Aldo. “Sobre el diseño del equipamiento lúdico y la disposición de los espacios de juego” (1962) en: *Playgrounds. Reinventar la plaza*, (Madrid: Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía; Siruela, 2014), 121-122.

A oportunidade de que o neno descubra o seu propio movemento forma parte da cidade en si; a cidade tamén é un espazo de xogo. O neno utiliza todos os elementos da cidade, todos os obxectos construídos, todas as superficies polas que pode agatuar ou trepar. Os nenos saben xogar moi ben con estas cousas, aínda que non teñan permiso para iso.

<sup>12</sup>

Aldo van Eyck

O xogo é unha actividade fundamental para o desenvolvemento das nenas e nenos. É un poderoso instrumento de aprendizaxe para actitudes, comportamentos e valores dunha sociedade. Durante a infancia aprendemos xogando e, por iso, os talleres desenvolvéronse a través do xogo como ferramenta fundamental nestas idades. Buscamos unha aprendizaxe actuando na realidade, no local, abordando situacións espaciais que poden ser coñecidas de antemán e que se redescobren desde unha nova perspectiva. Tamén buscamos a acción a través do movemento da nena e o neno, descubrir o espazo desde a máxima liberdade do xogo.

Habitar, para o individuo ou para o grupo, é apropiarse de algo. Apropiarse non é ter en propiedade, senón facer a súa obra, moldeala, formala, poñer o selo propio. Habitar é apropiarse dun espazo [...] Con este termo [apropiación] non nos referimos a propiedade; é máis, trátase de algo totalmente distinto; trátase do proceso segundo o cal un individuo ou grupo aprópiase, transforma no seu ben, algo exterior.<sup>13</sup>

Henri Lefebvre

As prazas e rúas, a paisaxe cos seus elementos, o mobiliario, os baleiros, ... son bens comúns que buscamos que as nenas e nenos recoñezan como seus desde diferentes puntos de vista: desde a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.



<sup>13</sup> Harvey, David. *Ciudades rebeldes Del derecho de la ciudad a la revolución urbana*. 2013. Madrid: Ediciones Akal.

Fig. 07 Transformando a paisaxe urbana na Rúa Vila de Noia, taller "A Vila do Mañá", Carballo, Xaneiro 2021.

<sup>14</sup> Bachelard, Gastón. *La poética del espacio*. 2000. Buenos Aires: Fondo de Cultura Económica.

A palabra hábito é unha palabra demasiado gastada para expresar esa ligazón apaixonada do noso corpo que non esquece a casa inesquecible.<sup>14</sup>

Gastón Bachelard

Preténdese que adquiran un maior coñecemento da vila na que viven; unha apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas rúas e prazas; o empoderamento espacial xunto con outras nenas e nenos favorecendo a súa convivencia; a valoración do lugar no que habitan a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna; coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e, sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora (Fig. 07).

Co taller “A Vila do Mañá”, a vila na que viven non é unha idea abstracta, nin é unha serie de pequenas imaxes parciais; comeza a entenderse como unha contorna moito máis complexa e ampla, que nos aproxima á noción de hábitat: o espazo que transcende a súa localización física nun territorio no que resolvemos as nosas necesidades, establecendo relacións con outras persoas e co medio, tanto natural como construído; implicando procesos nos que se transforma, pero nos que tamén somos transformados. O hábitat implica tamén a memoria e o simbólico da comunidade. En síntese, o hábitat como sistema de relacións e procesos que se xeran entre tres elementos: a natureza, a sociedade e o habitante.

Do mesmo xeito que esta páxina impresa, se é lexible, pode ser apreendida visualmente como unha pauta conexas de símbolos reconoci-bles, unha cidade lexible sería aquela cuxos distritos, sitios sobresaíntes ou sendas son identificables facilmente e agrúpanse, tamén facilmente, nunha pauta global.<sup>15</sup>

<sup>15</sup> Lynch, Kevin. *La imagen de la ciudad*. 2008. Barcelona: Gustavo Gilli.

Kevin Lynch



O hábitat das nenas e nenos é onde desenvolven as súas vidas, o que viven e o que coñecen e, por tanto, é un forte elemento xerador de aprendizaxe. A vila, a arquitectura que a conforma e a paisaxe son ambientes de aprendizaxe para a nena e o neno, construíndo coñecemento a diferentes escalas. Como é posible que a infancia actual se vexa privada desta relación?.

Introdúcense dúas condicións fundamentais en “A Vila do Mañá”: o corpo da nena e do neno e o seu movemento como referencia fundamental para o descubrimento do lugar e do contexto; e a experiencia, tanto perceptiva, a sentida no momento, como a que provén do recordo ou da memoria do día a día. Desde eses dous aspectos trabállase no hábitat real, percorrendo a vila, descubrindo e intervindo nas súas rúas e prazas. O espazo urbano convértese nun enorme taboleiro de xogo en tres dimensións que require de nenas e nenos inquedos e activos que o exploren, recoñezan e sexan capaces de modificalo. O lugar transfórtese en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de espazos, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil coutada dos parques.



Fig. 08 Traballando coa percepción na Rúa Coruña, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.

Queremos que as nenas e nenos aprendan a mirar o lugar onde habitan (Fig. 09), tendo con eles dúas poderosas ferramentas: a ARTE e a ARQUITECTURA. Son dous elementos que nos serven para aprender o mundo e, o máis importante, tamén para transformalo. Para iso, combínanse ferramentas de diferentes disciplinas, pois búscase que os nenos manexen coñecementos de arquitectura, de arte, de paisaxe, de urbanismo e de sustentabilidade. É importante que nos talleres se xere un espazo de liberdade, para que as nenas e nenos e os adolescentes poidan expresar e representar as súas ideas dun modo plástico, tanto gráfico como tridimensional, aumentando a súa creatividade e a súa capacidade de comunicación. Trátase de que aprendan a manexar ferramentas coas que poidan plasmar as súas ideas e desexos.



Fig. 09 Traballando coa percepción na Rúa Coruña, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.





## 5 METODOLOXÍA DE A VILA DO MAÑÁ

<sup>16</sup> Huizinga, Johan. *Homo ludens*. 2008. Madrid: Grupo Anaya.

<sup>17</sup> Nieuwenhuys, Constant. *La Nueva Babilonia*. Barcelona: Gustavo Gili Mínima.

“A Vila do Mañá” saca ás nenas e nenos á rúa para explorar e construír estes espazos a través do xogo, convertidos en *homo ludens*<sup>6</sup> que, cunha serie limitada de elementos, van organizar libremente a súa contorna, o sua particular *Nova Babilonia*<sup>7</sup>, a utopía de Constant Nieuwenhuys na que a sociedade nómade adapta constantemente a súa propia contorna. A súa experiencia non queda nunha semana de festa na vila, se non que lles permite reconquistar o espazo como propio e xerar sinxerías que salpiquen ao resto da sociedade.



**Fig. 10** Traballando coa liña no Parque de San Martiño, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xullo 2018.

As actividades que se plantexan nos talleres estrutúranse a través de seis conceptos fundamentais: a PERCEPCIÓN, o ESPAZO, a PAISAXE, a ESCALA, a SUSTENTABILIDADE e a CIDADE, e catro ferramentas necesarias: o PUNTO, a LIÑA, o PLANO e o ELEMENTO TRIDIMENSIONAL.

Ante un feito histórico provocado pola COVID-19, como o que estamos a vivir, e ante as limitacións derivadas da crise sanitaria, para poder realizar o taller de Carballo do 21 de decembro do 2020 ao 8 de Xaneiro do 2021, creouse a alternativa de realizar “A Vila do Mañá” nun formato dixital-material tratando de non perder a esencia do proxecto.

Como as restricións sanitarias nos obrigaron, incorporamos novos elementos a actividade, elaborouse unha serie de material que nos permite realizar as accións desde a nosa casa (a través da plataforma [www.aviladomaña.com](http://www.aviladomaña.com)) e complementala en grupos de non máis de catro persoas nas rúas da vila, desta maneira o espazo público é introducido nas nosas vivendas, e as actividades realizadas no espazo público complementanse coas realizadas nas nosas casas.

**A PERCEPCIÓN:** A percepción do propio corpo, así como a percepción da contorna que nos rodea, son conceptos fundamentais nos talleres.

Para entender como perciben a súa vila ou cidade os que son e serán os seus habitantes do futuro, utilizaremos dúas estratexias. A primeira, ten como obxectivo ver desde os seus ollos o espazo que habitan. Que elementos foron os protagonistas da nosa experiencia en Carballo?

Temos que resaltar como a visión das nenas e nenos da súa vila desde o 2018, que faciamos o primeiro taller en Carballo, ao 2021 cambiou. No ano 2018 atopabámonos con que a visión da súa vila era practicamente comercial (Fig. 03), mentres que no 2021 xerouse unha identidade co lugar que habitan, fixérono seu.

Levei unha grata sorpresa, porque por primeira vez aparece Rexenera Fest dentro dos marcos, algo que na edición do 2018 non sucedera.<sup>18</sup>

Sandra González Álvarez

<sup>18</sup> La Voz (29 de Decembro de 2020). “Carballo tendrá su primer huerto vertical urbano con «A vila do mañá»”. *La voz de Galicia*. Recuperado de [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2020/12/29/carballo-tendra-primer-huerto-vertical-urbano-span-langgl-vila-domanaspan/0003\\_202012C29C6998.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2020/12/29/carballo-tendra-primer-huerto-vertical-urbano-span-langgl-vila-domanaspan/0003_202012C29C6998.htm)
















Fig. 11 Recortable do marco dourado, taller dixital-material "A Vila do Mañá", Carballo, Xaneiro 2021.





Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.

Fotografía realizada polos propios participantes no taller “A Vila do Mañá, Carballo”, Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller “A Vila do Mañá, Carballo”, Xaneiro 2021.







Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.

Seguindo co traballo coa percepción, trataremos de provocar nas nenas e nenos unha nova visión da súa contorna cotiá, buscando que rompan co coñecido e que poidan ver os mesmos lugares con outros ollos.

<sup>19</sup> Todorov, Tzvetan. *Teoría de la literatura de los formalistas rusos Jakobson, Tinianov, Eichenbaum, Brik, Shklovski, Vinogradov, Tomashevski, Propp* antología preparada y presentada por Tzvetan Todorov. 1970. Madrid: Siglo Veintiuno editores.

O propósito da arte é o de impartir a sensación das cousas como son percibidas e non como son sabidas (ou concibidas). A técnica da arte de “estrañar” aos obxectos, de facer difíciles as formas, de incrementar a dificultade e magnitude da percepción atopa a súa razón en que o proceso de percepción non é estético como un fin en si mesmo e debe ser prolongado. A arte é unha maneira de experimentar a calidade ou esencia artística dun obxecto; o obxecto non é o importante.<sup>19</sup>

Viktor Shklovski



Fig. 12 Traballando coa percepción na Rúa Coruña, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.

Basearemos esta experiencia no concepto da “desfamiliarización ou extrañamento”, un concepto literario desenvolvido por Viktor Shklovski<sup>17</sup>. Segundo a súa teoría, a cotidianidade fai que se “perda a frescura na nosa percepción dos obxectos”, facendo de todo algo automatizado.

A rutina adormécenos, volvéndonos cegos, xordos, e alleos ao que ocorre na nosa contorna. Xa non observamos o que nos rodea, xa non nos fixamos nos obxectos e lugares que coñecemos, por cotiáns. A arte presenta aos obxectos desde outra óptica. Arríncaos da súa percepción automatizada e cotiá dándolles vida en si mesmos, e no seu reflexo na arte. A través deste concepto empezamos a percibir as cousas doutra maneira, vémosnos obrigados a iso pola “desfamiliarización”, que nos presenta a realidade como nunca antes víramola...



Fig. 13 Traballando coa percepción na Rúa Coruña, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.















○ **ESPAZO:** Buscamos o traballo desde o espazo da arquitectura e da cidade a través da experimentación da luz, a textura, a cor, o son, ...  
○ O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados.

<sup>20</sup> *Césped (SPY). Instalación, 2017.*

Trabállase o plano horizontal, experimentábase, xógase con el. Cremos que o chan é un elemento fundamental nas nosas vilas, non é o mesmo vivir sobre asfalto que sobre herba, para iso podemos analizar a experiencia vivida na Praza Maior de Madrid, que con motivo do cuarto centenario da súa creación, SPY <sup>20</sup> cobre o centro da praza cun círculo de céspede artificial de 70 metros de diámetro, durante os dous días que dura a intervención, os madrileños redescubren novos usos para a praza centenaria, o espazo cambia, e así o fan os usos, sentan, tómbanse, xogan ou se descalzan...



**Fig. 14** Traballando co espazo experimentando con texturas, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xullo 2018.













**A SUSTENTABILIDADE:** Queremos reflexionar sobre a forma na que nos relacionamos co planeta. Facer ás nenas e nenos conscientes de que o sustentable consiste nun equilibrio entre aquilo que nos permite desenvolver a nosa vida e o que non compromete a supervivencia das futuras xeracións. Así, darnos conta de que só temos un planeta con recursos limitados.

Propomos a concienciación sobre a inclusión do verde na vila, basearemos a experiencia nas “bombas de sementes” desenvoltas polo naturalista nipón Fukuoka.

A pesar de que este sistema de cultivar a terra, rexéitao a ciencia moderna, agora colocouse á fronte do moderno desenvolvemento agrícola. [...]. Ultimamente estiven pensando en que debe alcanzarse un punto en que científicos, políticos, artistas, filósofos, homes de relixión e todos aqueles que traballan nos campos deberían reunirse aquí, contemplar estes campos e discutir xuntos o que ven. Eu creo que isto é o que debería ocorrer, se a xente vise máis aló das súas especialidades.<sup>21</sup>

Masanobu Fukuoka

Para a realización da actividade, propónselles ás nenas e nenos a creación destas bombas, que se compoñen dunha parte de arxila, abono natural, e unha mestura de sementes complementarias, neste caso utilizouse a chamada mestura precolombiana (xudías, millo e cabaza).

Como as restricións sanitarias nos obrigarón, esta acción realizouse desde as propias casas dos participantes, para unha vez realizadas as “bombas de sementes” facer unha intervención na paisaxe urbana de Carballo.

<sup>21</sup> Korn, Larry. *La revolución de una brizna de paja. La filosofía y la obra de Masanobu Fukuoka*. 2020. Castellón: Editorial Kaicron.



Fig. 15 Material elaborado para a realización das “bombas de sementes”, taller dixital-material “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.

Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.





Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.



**A PAISAXE:** Interacción entre a paisaxe construída, a paisaxe máis natural e os territorios intermedios. Entender como as persoas construímos a paisaxe e como a paisaxe tamén nos constrúe (Fig. 19).

Temos as plantas, pero fáltanos onde sementalas, experimentamos esta vez cos baleiros verticais. Co tempo o colorido mural outorgado polos sobres de cores xeotextís, irase complementando paulatinamente polo verde das plantas que nacerán das “bombas de sementes”. As nenas e os nenos crearon o seu xardín vertical e convértense en observadores e cuidadores da súa obra.



**Fig. 16** Transformando a paisaxe urbana na Rúa Vila de Noia, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.













**A ESCALA:** Introducimos o concepto de escala humana e o de escala de vila, de territorio e a súa relación. Partindo de tomar conciencia das súas propias dimensións corporais, a nena ou neno pode aproximarse a outras dimensións como a da vila e a do territorio.


Dous elementos constitúen o lugar da nena e o neno: a man e o horizonte. A man como construción de sentido, de recoñecemento, do tacto. Como as primeiras marcas dos homes prehistóricos nas paredes das covas, definindo e recoñecendo un lugar e ao mesmo tempo establecendo un eu fronte a el. A importancia da man como representación do eu da nena e neno e do seu corpo, do seu sentido físico, do seu sentido de lugar. Fronte á man, o distante e afastado, o horizonte, que supón o límite perceptivo da nena ou neno, ata onde alcanza a vista, o que marca o comezo do non coñecido.

Desde a man, o máis próximo, ata o horizonte, o afastado, existe un percorrido espacial, unha definición de hábitat, do lugar onde se habita, do próximo ata a paisaxe afastada. A nena ou neno toma conciencia do lugar onde vive, das súas dimensións e da súa escala, de como se interrelaciona o próximo e o afastado.



**Fig. 17** Traballando coa escala, taller "A Vila do Mañá", Carballo, Xaneiro 2021.

Fig. 18 Recortable de cinta métrica, taller dixital-material "A Vila do Mañá", Carballo, Xaneiro 2021.





Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.





Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.

**A VILA:** como o noso hábitat, o noso taboleiro de xogo por descubrir. Comprender a súa estrutura, conformación morfolóxica, os seus baleiros e os seus cheos, a súa historia, as súas tradicións e as súas cuestións simbólicas e inmateriais. Reflexionar sobre como nos movemos duns sitios a outros, os percorridos, os puntos importantes onde se desenvolve a vida da nena e o neno e da comunidade.

<sup>22</sup> Leon Battista Alberti *De re aedificatoria*. Tradución de Francisco Lozano. Oviedo: Edición facsímil, 1975.

**E se a cidade (segundo sentenza de filósofos) é unha gran casa, e pola contra a casa mesma é unha pequena cidade...<sup>22</sup>**

Leon Battista Alberti

Queremos que descubran como se conectan as súas casas á vila, recuperando a idea de Leon Battista Alberti de entender a casa como unha gran cidade e a cidade como unha pequena casa, e que tamén Aldo van Eyck expón no seu diagrama da árbore e a folla: “Unha árbore é unha folla, unha folla é unha árbore. Unha cidade é unha casa. Unha casa é unha cidade, e a cidade unha casa. Unha árbore é unha árbore, pero tamén unha folla enorme. Unha folla é unha folla, pero tamén unha árbore en miniatura. Unha cidade non é unha cidade a menos que sexa tamén unha casa inmensa. Unha casa é unha casa só se é tamén unha pequena cidade”.

O instrumento é o corpo, que percorre e xoga no espazo con todos os sentidos despregados. Manexamos elementos capaces de xerar espazo, explórase a estrutura, o peso, o equilibrio, a estabilidade, a resistencia dos materiais, ... a parte de cuestións estéticas ou de función, buscando solucións que teñan en conta os principios da gravidade e a física.

As nenas e nenos convértense por uns días en pensadores da vila, aprópianse dos seus espazos, fanos seus. Idean e inventan os seus propios espazos de xogo, modifícanos, vívenos e gozan deles, polo que empezan a xerar unha identidade co espazo no que habitan.

Con qué elementos vamos a traballar para chegar o noso obxectivo?, que elementos propios da arquitectura usaremos de ferramentas para apropiarnos dos espazos?

Na nosa percepción o punto é a ponte esencial, único, entre palabra e silencio.[...] O punto é ademais, no seu exterior, simplemente o elemento práctico, utilitario, que desde nenos coñecemos. O signo exterior vólvese costume e escurece o son interior do símbolo.[...] O son do silencio cotián é para o punto tan estridente, que se impón sobre todas as súas demais propiedades.<sup>23</sup>

<sup>23</sup> Kandinsky, Vasili Vasilievich. *Punto y línea sobre el plano*. Barcelona: Editorial Labor S.A., 21-22, 1993.

Kandinsky

Traballamos co PUNTO como ferramenta elemental, baseándonos en Kandinsky, o punto permitíranos a invasión dos espazos. Utilizamos como PUNTO, os globos, elemento co que estamos familiarizados desde cativos (Fig. 28). O espazo co que imos traballar, un espazo acotado, que se ve totalmente modificado coa invasión dos puntos, non se trata só de unha invasión física, o ruído tamén invadirá, cando poñamos punto e final a actividade estoupando todos os globos.



Fig. 19 Transformando o espazo traballando co punto "A Vila do Mañá", Carballo, Xullo 2018.











A liña xeométrica é un ente invisible. É a traza que deixa o punto ao moverse e é por tanto o seu produto. Xorde do movemento ao destruírse o repouso total do punto. Demos un salto do estático ao dinámico.[...] Tal é a recta, que na súa tensión constitúe a forma máis simple da infinita posibilidade de movemento.<sup>24</sup>

<sup>24</sup> Kandinsky, Vasili Vasilievich. *Punto y línea sobre el plano*. Barcelona: Editorial Labor S.A., 57-58, 1993.

Kandinsky

Outra das ferramentas elementais que utilizamos é a LIÑA, utilizan fíos de cores ou cintas de baliza para xerar os seus espazos.

Os espazos a proxectar transformáanse totalmente, eles tecen a rúa, enchendo de cor o asfalto. É o seu novo espazo de xogo, divírtense na “súa rúa”, xeraron unha identidade con ela.



Fig. 20 Transformando o espazo urbano traballando coa liña na Praza do Concello, taller “A Vila do Mañá”, Carballo, Xullo 2018.










Fig. 21 Material elaborado para traballar coa liña, taller dixital-material “A Vila do Mañá”, Carballo, Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller “A Vila do Mañá, Carballo”, Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller “A Vila do Mañá, Carballo”, Xaneiro 2021.



Pero a liña esconde entre as súas outras propiedades, e en última instancia, o profundamente oculto desexo de procrear un plano, converténdose así nun ente máis denso, máis pechado en si mesmo.[...] Cando morre a liña, e en que momento xorde o plano?[...] Por plano básico enténdese a superficie material chamada a recibir o contido da obra. [...] O plano básico esquemático está limitado por 2 liñas horizontais e 2 verticais e adquire así, en relación ao ambiente que o rodea, unha entidade independente.<sup>25</sup>

<sup>25</sup> Kandinsky, Vasilí Vasilievich. *Punto y línea sobre el plano*. Barcelona: Editorial Labor S.A., 95, 128, 1993.

Kandinsky

A terceira ferramenta fundamental é o PLANO, traballamos co PLANO para modificar os nosos espazos, para facer que conteñan as nosas obras.

Para rematar de falar das ferramentas que usamos, e xa fóra das definidas por Kandinsky, traballamos co ELEMENTO TRIDIMENSIONAL, para elo basearémonos no “terceiro don” de Froebel.

O pedagogo alemán Friedrich Froebel (1782-1852) foi o creador dos Kindergarten para o ensino das nenas e nenos menores de seis anos. A palabra kindergarten significa “xardín de nenos”, lugares para ser coidados, como pequenas plantas, para que se desenvolvan completamente.

Na Arquitectura temos de referencia a Froebel, a través de Frank Lloyd Wright que foi educado con este método. Trátase dun sistema baseado na creatividade e intuición do neno a través da experiencia directa, o xogo e a natureza. Crea un recurso pedagóxico baseado en “dons” e “ocupacións”. Os “dons” son materiais pedagóxicos que non cambian pero transfórmanse; as ocupacións son actividades na que os nenos xogan mediante a transformación dos obxectos que manipula. Os “dons” son precursores dos bloques de construción da actualidade (Lego, Tente, ...).

26 Jeanne S. Rubin, "The Froebel-Wright Kindergarten Connection: A New Perspective", *Journal of the Society of Architectural Historians*, 48, 1 (1989): 24-37, doi: 10.2307/990404. Jeanne S. Rubin, *Intimate Triangle: Architecture of Crystals, Frank Lloyd Wright and the Froebel Kindergarten* (Huntsville: Polycrystal Book Service, 2002). Wally Rogers, *Close-Up View of Froebel's Kindergarten with Frank Lloyd Wright at the Drawing Table* (Bloomington: Xlibris, 2016). Donald Leslie Johnson, *Frank Lloyd Wright: The Early Years. Progressivism: Aesthetics: Cities* (New York : Routledge, 2017).

Moitos foron os investigadores que establecen as relacións entre a maneira de facer arquitectura de Wriqth co proceso de aprendizaxe a través dos "dons" de Froebel <sup>26</sup>.

Usamos as caixas de cartón a modo de terceiro "don" de Froebel, un "don" a unha escala moito maior, un "don" co que se propón apropiarnos dos espazos da nosa vila ou cidade, fixémosla nosa, por unhas horas é o noso espazo, un gran espazo de xogo e construción que dá cabida a todo aquilo que pase pola nosa imaxinación (Fig.22).

○ espazo modifícase, convértese nun gran forte, en pequenas cabanas, nun valado... o espazo cambia e énchese de vida.



Fig. 22 Transformando o espazo urbano traballando coa liña na Praza do Concello, taller "A Vila do Mañá", Carballo, Xullo 2018.










Fig. 23 Recortable de caja, taller dixital-material "A Vila do Mañá", Carballo, Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller "A Vila do Mañá, Carballo", Xaneiro 2021.

Fotografía realizada polos propios participantes no taller “A Vila do Mañá, Carballo”, Xaneiro 2021.



Fotografía realizada polos propios participantes no taller “A Vila do Mañá, Carballo”, Xaneiro 2021.






Preténdese que as nenas e nenos actúen como vangarda da recuperación do territorio para a cidadanía. Como afirma o xeógrafo e teórico social David Harvey,<sup>27</sup> é necesaria a apropiación dos espazos públicos urbanos por parte da cidadanía mediante una acción política para convertelos en espazos comúns. Son bens comúns, que buscamos que as nenas e nenos recoñezan como seus desde diferentes puntos de vista: desde a historia, os seus usos, a súa evolución e as súas transformacións.

Búscase a adquisición dun maior coñecemento da cidade na que viven; una apropiación de espazos que lles son vetados a diario; o movemento con liberdade nas prazas e rúas; o empoderamento espacial xunto con outros nenos e nenas favorecendo a súa convivencia; valoración do lugar no que viven a través dunha nova mirada sobre o seu hábitat; facerlles responsables da contorna, coñecer tamén os elementos que conforman o lugar inmaterial; e sobre todo, demostrarlles a súa capacidade transformadora.

Cando saímos a rúa, e as nenas e nenos invaden o espacio público, o lugar transfórmase en algo dinámico que xa non só é aprehendido, senón que pode ser modificado por eles mesmos, outorgándolles un papel protagonista que normalmente, na creación de contornas, non se lles dá ou queda reducido a un ámbito de xogo máis controlado, como o patio do colexio ou a área infantil acoutada dos parques.

Nos tempos actuais e nunha **situación de emerxencia sanitaria**, máis que nunca, **é necesario observar a mirada desprexuciada dos que están afeitos a explorar por primeira vez** e que, fronte ás reservas do mundo adulto, déixanse arrastrar pola curiosidade.

<sup>27</sup> Harvey, David. *Ciudades rebeldes Del derecho de la ciudad a la revolución urbana*. 2013. Madrid: Ediciones Akal.





## 6 CARBALLO, A VILA DO MAÑÁ

<sup>28</sup> Crespo-González, Cristóbal, & González-Álvarez, Sandra. “Introducción, fins e obxectivos” (2013) en: *Estratexias cidadáns para os tempos da crise*, (A Coruña: Universidade da Coruña, 2013), 4-5.

Polo ano 2012, chegaba eu a Carballo por vez primeira. Naquela época, e provocado pola crise económica, empezabamos a desenvolver o proxecto: “ESTRATEGIAS CIUDADÁNS para os tempos da crise” e presentábamolo en Carballo da seguinte maneira: A recente etapa de desenvolvemento económico levou consigo unha importante polarización da inversión (tanto pública como privada) en torno ao sector da edificación e da obra civil, asumidos socialmente ata o punto de incorporar certos tópicos a linguaxe cotiá como “o boom do ladrillo” ou “a burbulla inmobiliaria”. A brusca interrupción da situación de crecemento económico e a inmersión nunha crise de dimensións internacionais deixaron en múltiples ocasións unha paisaxe urbana a medio definir, con importantes perdas do patrimonio histórico, estruturas abandonadas, expectativas frustradas, vivendas baleiras, paisaxes rurais invadidas, ... no contexto dun plantexamento das ferramentas legais urbanísticas que foron incapaces de responder e adaptarse ás previsións e á axilidade das operacións urbanas. Trátase de reflexionar sobre as estratexias a seguir para reconducir a forma e a vida urbanas a partir da situación presente, desde o punto de vista da xestión ambiental e social, da arquitectura e da paisaxe urbana, e contando coa intervención directa dos cidadanos.<sup>28</sup>

<sup>29</sup> Cullen, Gordon. *El paisaje urbano: tratado de estética urbanística*. 1974. Barcelona: Editorial Blume.

Debemos considerar entón o impacto visual que unha cidade produce en quen reside nela ou nos que a visitan, xa que os edificios no seu conxunto proporcionannos moito maior pracer visual, que o que nos daría cada un deles contemplado separadamente.<sup>29</sup>

Gordon Cullen

O meu primeiro achegamento a Carballo foi visual, percorrendo o centro urbano rúa a rúa, observando as súas debilidades e fortalezas (Fig.24,25,26,27).




Fig. 24 Carballo no ano 2012. Fotografía de: Sandra González para ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise Xuño 2012.






Fig. 25 Carballo no ano 2012. Fotografía de: Sandra González para ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise Xuño 2012.




Fig. 26 Carballo no ano 2012. Fotografía de: Sandra González para ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise Xuño 2012.




Fig. 27 Carballo no ano 2012. Fotografía de: Sandra González para ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise Xuño 2012.

Xa co meu grupo de traballo, empezamos a traballar tentando coñecer cal era a visión dos cidadáns de Carballo. (Fig.28,29,30)

Carballo é a xente, non a cidade en si. (Marisa)

Cometeuse un asasinato da igrexa, o axuntamento e a casa de Chinto. (Yolanda)

Carballo é moi novo en pouco tempo pasou de ser unha aldea a unha cidade mal feita. (Justiniano)<sup>30</sup>

Carballo Fala

<sup>30</sup> González-Álvarez, Bados-Sesma, Ortíz-Vacas, Prosper-Díaz-Mor, Antequera-Reviriego y Santiago-Tojo. "Carballo Fala" (2013) en: *Estratexias cidadáns para os tempos da crise*, (A Coruña: Universidade da Coruña, 2013), 145.



Fig. 28 Carballo Fala. Material elaborado durante: ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise Xúño 2012.

<sup>31</sup> González-Álvarez, Bados-Sesma, Ortíz-Vacas, Prosper-Díaz-Mor, Antequera-Reviriego y Santiago-Tojo. "Carballo Fala" (2013) en: *Estratexias cidadáns para os tempos da crise*, (A Coruña: Universidade da Coruña, 2013), 146.

Carballo éche o que ves, non hai máis. (Manuel)

Ainda que poñas unha bomba non se perde nada. (Etelvino)

Foi unha gran perda os baños... o pan tamén estase a perder. (Pepe) <sup>31</sup>

Carballo Fala



Fig. 29 Carballo Fala.  
Material elaborado durante:  
ESTRATEXIAS CIDADÁNS  
para os tempos da crise  
Xuño 2012.



A xente non ten amor pola súa vila.

Esquilnado a nivel patrimonial, Carballo ten unha ferida aberta en canto o entorno.

Aínda seguimos vivindo de costas ao río Anllóns.

Funciona como unha aldea en canto a relacións interpersonais pero é unha cidade en canto crecemento urbanístico. (Maite)<sup>31</sup>

<sup>32</sup> González-Álvarez, Bados-Sesma, Ortíz-Vacas, Prosper-Díaz-Mor, Antequera-Reviriego y Santiago-Tojo. "Carballo Fala" (2013) en: *Estratexias cidadáns para os tempos da crise*, (A Coruña: Universidade da Coruña, 2013), 147.

Carballo Fala



Fig. 30 Carballo Fala. Material elaborado durante: ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise Xuño 2012.

O Carballo que me atopaba en 2012, era un claro exemplo do que estaba a ocorrer na maioría das vilas galegas. Vilas que os diferentes plans urbanísticos, non souberan resolver, vilas que deixaran polo camiño parte da súa historia, perdendo así a súa identidade.

Con este panorama que prometía desolador, durante aquela semana de duro traballo, e tirando de enxeño e orixinalidade, conseguimos presentar propostas, que nun primeiro momento algunhas poderían parecer absurdas, outras radicais, pero era unha forma de provocar que outro Carballo era posible.

Desta forma facía o resumo daquela experiencia Cristóbal Crespo González:

As experiencias realizadas por un grupo de 36 alumnos universitarios, profesores e colaboradores no contexto do curso de verán ESTRATEXIAS CIDADÁNS para os tempos da crise puxeron sobre a mesa de debate unha serie de propostas e intervencións que, máis aló do seu carácter desenfadado (tratábase dunha actividade académica vacacional e voluntaria, por iso non contaminada polas dinámicas de presión que xeran os prazos e as cualificacións) destacan polo seu carácter optimista, propositivo e, por que non confesalo, fortemente realista. Pode aducirse que se trata dunha sorte de realismo fantástico, pero que pode haber máis irreal e delirante que as axencias de risco ou a contabilidade interna dos bancos. Os desastres non veñen das ideas, senón da súa ausencia. Da mesma maneira que o personaxe de Juan Rulfo achegábase ata Comala para rastrexar a pegada vital do seu pai, este heteroxéneo e entusiasta grupo achegámonos a Carballo para descubrir os seus pulsos e, lonxe da desolación e o infortunio de Pedro Páramo, quixemos traballar cos seus bos espíritos, as pantomas da xente que xa non está, os recordos da infancia e os dos nosos maiores, os lugares desaparecidos, as expectativas, tantas veces frustradas, e as ilusións, agora rotas. Por suposto, nada era premeditado. Como no jazz, sabemos tocar algúns instrumentos e coñecemos bases rítmicas e melódicas, aínda que nin sequera sabiamos se iamos ser capaces de improvisar, pero a maxia (o trasgo no flamenco) aparece ou non. Neste caso, afortunadamen-

te, alí estivo. Apareceu pola xente, está claro, polo lugar, sen dúbida, pode tamén que o mal tempo e a choiva axudasen. A “prima de riesgo” disparouse eses días, sen explicación posible desde as lóxicas disparatadas dos feiticeiros e os mercados. Tamén se materializou no CERN o bosón de Higgs, a peza que faltaba ao modelo cuántico para abarcar intelectualmente o Universo. E tamén convertemos Carballo, paradigma da improvisación, a anestésica e o desastre urbano, nunha cidade luminosa, bela, participativa, orixinal e única. Transformamos lugares para a depresión e o fatalismo en xoias urbanas para xogar, criticar, divertirse, facerse famoso, namorarse... Rúas abatidas e inconclusas en grandes avenidas cheas de árbores e dun radiante barroco de media-neira. Propuxemos aos encofradores en paro (sublimes carpinteiros do invisible) que fixesen unha montaña rusa peonil (de baixa velocidade e menor custo) cun looping para os mozos máis audaces, amenizando o perfil da cidade nunha caligrafía única. Deseñamos o metro de Carballo, o máis moderno e barato do mundo, o único sen obras molestas para os veciños. E todo iso en tempos de crises. E todo iso en cinco días. Podemos chegar ata onde queiramos. Moitísimas grazas a todos, gozamos enormemente.<sup>32</sup>

Non volví a Carballo, ata o ano 2018 para preparar o taller de “A Vila do Mañá”. Aquel Carballo que coñecera, xa non existía, atopábame ante unha vila totalmente nova para a min. E de esta maneira expresá-bao:

Cheguei no 2012, nun curso de verán de Estratexias Cidadás para tempos da crise. As medianeras eran o gran trauma e vin un Carballo desmotivado: a xente dicía que antes había un balneario, un antigo Concello, a Casa de Chinto... “E agora non hai”. Faltáballes unha identidade, pero agora, seis anos despois, atopo un Carballo que ten xa unha nova. Aquelas medianeras que eran un problema hoxe confírenlles identidade, e con novas pezas, como a biblioteca. Carballo, para min, evolucionou moito. O centro era daquela todo coches e agora está xa case todo peatonalizado. Estou moi ilusionada co Carballo que vexo.<sup>33</sup>

<sup>32</sup> Crespo González, Cristóbal. (11 de Xullo de 2012). ANÁLISIS “Estratexias Cidadás para os tempos da crise”. “Carballo, del desastre urbano a una ciudad original y única”. *La Voz de Galicia*. Recuperado de [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/firmas/2012/07/11/carballo-desastre-urbano-ciudad-original-única/0003\\_201207C11C5994.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/firmas/2012/07/11/carballo-desastre-urbano-ciudad-original-única/0003_201207C11C5994.htm)

<sup>34</sup> Blanco, Patricia. (17 de Xullo de 2018). “Urbanismo é todo espazo que habito”. A arquitecta Sandra González dirixe os obradoiros para nenos “A Vila do Mañá”, que onte botaron a andar en Carballo. *La Voz de Galicia*. Recuperado de [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2018/07/17/span-langglurbanismo-e-espazo-habito-span/0003\\_201807C17C8991.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/carballo/2018/07/17/span-langglurbanismo-e-espazo-habito-span/0003_201807C17C8991.htm)

Carballo deixara de ser unha vila galega máis, soubera aproveitar as deficiencias urbanas, para xerar a súa propia identidade. Á vez que na vila empezouse a pensar nas persoas, a humanizar o seu centro e os espazos na contorna do río Anllóns.

Penso que o traballo que se está facendo desde o Concello de Carballo, facendo renacer a vila pensando nos seus cidadáns, pon a Carballo na vangarda das vilas galegas, e para a min por conseguinte, na vangarda do urbanismo. Creo que CARBALLO É A VILA DO MAÑÁ.





## SANDRA GONZÁLEZ ÁLVAREZ

(Carballiño), Arquitecta pola Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña. Actualmente doutoranda no Programa Oficial de Doctoramento en Arquitectura e Urbanismo da Universidade da Coruña e na Universidade Presbiteriana Mackenzie en São Paulo. Bolsa Iberoamericana de Investigación do Banco Santander 2017-2018.

Mención de honra nos Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia 2020 pola rehabilitación das Antigas Vivendas dos Mestres de Rianxo.

Os seus proxectos: “A Vila do Mañá/La Ciudad del Mañana”, “FAB LAB na Coruña” xunto con “ARTEIXOworks” formaron parte dos contido expositivos do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura).

Premiada en concursos de ámbito nacional e internacional: Mención de honra á categoría Metodoloxías no concurso Proxectos educativos Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade co proxecto “A Vila do Mañá; Premio COAG XVII na categoría Proxecto Fin de Carreira co proxecto “FAB LAB na Coruña”; Mención de honra no concurso International Shopping Plaza Concept Design Competition 2015-2016 co proxecto: “Why not?”, Architecture and Culture Society of China, Wanda Commercial Planning e Research Institute, Urban Environment Design (UED); Mención de honra no concurso HYP CUP 2013 International Student Competition in Architectural Design co proxecto: “Stitches” Urban Environment Design (UED); Mención de Honra en 24H 5th edition. Aspace inspace. IdeasForward; 2ºPremio no concurso III Steelcase para Estudiantes de Arquitectura 2013; 1ºPremio no concurso de ideas DISTRITO ACTIVO, Arquitectos Sen Fronteiras Galicia e COAG. 1ºPremio PREMIO AGP de Arquitectura, Asociación Galega de Pizarristas. 1ºPremio INRS (Institut National de Recherche et Sécurité) Programa Internacional IACOBUS Rehabilitación do Patrimonio Europeo; entre outros.

Realizou relatorios e comunicacións en diferentes congresos e seminarios de ámbito nacional e internacional.

## A VILA DO MAÑÁ / LA CIUDAD DEL MAÑANA / THE CITY OF TOMORROW

Na súa traxectoria A Vila do Mañá formou parte do contido expositivo do Pavillón Español na Bienal de Venecia 2018 (16. Mostra Internazionale dei Architettura), obtivo Mención de honra na categoría METODOLOXÍAS no concurso “Proxectos educativos” Ludantia. I Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a Infancia e Mocidade.

O traballo realizado nos talleres A Vila do Mañá, foi exposto e explicado nos seguintes congresos e seminarios:

II Xornadas de Innovación Docente. Universidade da Coruña, outubro 2017, A Coruña (España), organizado por UDC (Universidade da Coruña) e CUFIE (Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa).

Seminário Internacional A DIMENSÃO SOCIAL DÁ FORMAÇÃO PROFISSIONAL, outubro 2017, São Paulo (Brasil), organizado por SASP (Sindicato dos Arquitetos no Estado de São Paulo), e FIAM- FAAM Centro Universitário.

LUDANTIA I Bienal Internacional de educación en arquitectura para a infancia e a mocidade, maio 2018, Pontevedra (España), organizado por Concello de Pontevedra, COAG, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

inquEDU. Falemos de Educación, maio 2018, Santiago de Compostela (España), organizado por Xunta de Galicia, Fundación Cidade da Cultura e Galicia Sustentable.

I XORNADAS DE DIDÁCTICA DAS ARTES NA GALICIA DE HOXE: CREAR PARA ENSEÑAR, setembro 2018, A Coruña (España), organizado por Real Academia Gallega de Bellas Artes, Conservatorio Superior de Música da Coruña, Conservatorio Superior de Música de Vigo, UDC (Universidade da Coruña), USC (Universidade de Santiago de Compostela) e Uvigo (Universidade de Vigo).

9th CHILD IN THE CITY WORLD CONFERENCE, setembro 2018, Viena (Austria), organizado por Child in the City Foundation, Stadt Wien e WienXtra.

We Are All Able Bodies: From Sensory Deprivation to Sensory Augmentation, novembro 2018, Madrid (España), organizado por Institute of Technology Faculty of Architecture, San Pablo CEU University Madrid, School of Architecture of University of Reading, e International Ambiances Network.

2º Congreso Mundial del Educación. EDUCA 2019. Innovación e Investigación Educativa, febreiro 2019, Santiago de Compostela (España) organizado por EDUCA y MIAC.

INTED2019 (13th annual International Technology, Education and Development Conference), marzo 2019, Valencia (España) organizado por International Academy of Technology, Education and Development (IATED).

8th World Alliance for Arts Education International Conference, Luxor (Egipto) marzo 2019, organizado por Egypt Future Foundation for Heritage e World Alliance for Arts Education (WAAE).

FIRA DE LA MOBILITAT SOSTENIBLE DEL VALLÈS, Sabadell (España) abril 2019, organizado por Diputació de Barcelona, Departament de Territori i Sostenibilitat de Generalitat de Catalunya, Ajuntament de Sabadell, Postcarcity e Moventia.

WCCA2019 - XII Congresso Mundial de Comunicação e Artes, Salvador de Bahia (Brasil) abril 2019, organizado por Organização de Pesquisas em Educação e Ciência (COPEC), Organização Mundial em Comunicação e Artes (WCCA) e Universidade do Estado da Bahia (UNEB).

56th International Making Cities Livable Conference on A Healthy City for ALL, Portland (Estados Unidos de América) xuño 2019, organizado por International Making Cities Livable LLC (IMCL).

2019 International AVP Conference, Melbourne (Australia) xuño 2019, organizado por Association for Visual Pedagogies (AVP) e RMIT University.

InSEA World Congress, Vancouver (Canada) xullo 2019, organizado por MAKING |INSEA, The University of British Columbia, Canadian Society for Education through Art (CSEA), The Department of Art History, Visual Art & Theory (AVHA), Vancouver Art Gallery (VAG) e United States Society of Education through Art (USSEA).

EDULEARN19 (11th annual International Conference on Education and New Learning Technologies), Palma de Mallorca (España) agosto 2019, organizado por International Academy of Technology, Education and Development (IATED).

7TH CONFERENCE OF THE INTERNATIONAL SOCIETY FOR CHILD INDICATORS, Tartu (Estonia) agosto 2019, organizado por The International Society for Child Indicators (ISCI) e University of Tartu.

Art in Education – Building Partnerships with Artists, Schools, Young People and Communities, Oslo (Noruega) agosto 2019, organizado por OSLOMET (Oslo Metropolitan University) e The Research Council of Norway (NFR).

2019 SAEK International Conference, Imaging Social Innovation: Expanding the Social Role of Art Education, Seúl (Korea) setembro 2019, organizado por SAEK (Society for Art Education of Korea).

I Ágora Internacional. Educación. Investigación. Empleo 2019, Badajoz (España) setembro 2019, organizado por Universidad de Extremadura e Junta de Extremadura.

InSEA SEMINAR- Art Education: Conflicts and Connections, Malta outubro 2019, organizado por InSEA (The International Society for Education through Art), IMAE (International Masters Artist Educator-ArtEZ University of Arts), Arnhem The Netherlands e MUZA (The Malta National Community Art Museum).

EIRPAC. 3º Encontro Internacional de Reflexão sobre Práticas artísticas Comunitárias, O Porto (Portugal) setembro 2019, organizado por Faculdade de Belas Artes da Universidade do Porto, Universidade de Évora, ESMAE (Escola Superior de Música e Artes do espetáculo), Faculdade de Ciências Humanas Católica Lisboa e Universidade Lusófona do Porto

V ENCUESTRO CULTURA Y CIUDADANÍA: Espacio Público: Hacer/Rehacer, Madrid (España) outubro 2019, organizado por Ministerio de Cultura y Deporte Gobierno de España.

URBANBAT: CIUDADES y CUIDADOS (HIRIAK eta ZAINZAK), Bilbao (España) novembro 2019, organizado por urbanbat, Deputación Foral Bizkaia e Concello de Bilbao.

V Congresso Internacional Arquitectura e Género | ACCIÓN. Feminismos y la espacialización de las resistencias, Lisboa (Portugal) abril 2021, organizado por w@arch.pt, \_ISCSP (Instituto Superior de Ciências Sociais e Políticas) e CIEG (Interdisciplinary Centre for Gender Studies).

InSEA Congreso Europeo: Seamos Radicales, Baeza (España) xullo 2021, organizado por InSEA (The International Society for Education through Art), AASA (Asociación Cultural de Acción Social y Arte), HUM 862 Estudios en Sociedad, Artes y Gestión Cultural e UNIA (Universidad Internacional de Andalucía).

Os resultados obtidos na rúa co proxecto A Vila do Mañá foron publicados nos seguintes libros:

González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, RIANXO. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Apatrigal.

González Álvarez, Sandra (2017). A VILA DO MAÑÁ, AMES. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, RIVEIRA. La Ciudad del mañana LUDANTIA. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2018). A VILA DO MAÑÁ, FERROL. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, COAG.

González Álvarez, Sandra (2019). A VILA DO MAÑÁ, VILAGARCÍA DE AROUSA. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Concello de Vilagarcía de Arousa.

González Álvarez, Sandra (2020). A VILA DO MAÑÁ, en tempos de Pandemia, ARZÚA na nova Normalidade. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Deputación da Coruña.

González Álvarez, Sandra (2020). A VILA DO MAÑÁ, CARBALLO. La Ciudad del mañana. A Coruña, España: PØStarquitectos, Concello de Carballo.



